

VERÁN 2022

CAMPUS SAR

INFORMACIÓN IMPORTANTE

MATERIAL NECESARIO

Mochila, gorra, gafas e gorro de piscina, bañador, chanclas, toalla, crema solar, muda, roupa deportiva, chubasqueiro (nos días de previsión de chuvia).

É recomendable traer merenda xa que todos os días reservamos un tempo a media mañá para tomala. É importante traer auga.

Recomendamos que todas as pertenzas estean identificadas.

RECEPCIÓN E RECOLLIDA DE NENOS/AS

- **RECEPCIÓN:** os nenos/as accederán polo hall principal do Multiusos Fontes do Sar entre as 8.45 e as 9.30 horas.
No caso de ter ampliación de mañá entrarán pola recepción do ximnasio de 8:00 a 8:45h.
- **RECOLLIDA:** os rapaces/as serán recollidos nas pistas de pádel e tenis de Sar entre as 14 e as 14:30 horas.
No caso de ter ampliación de tarde a recollida farase de 14:30 a 15:00 horas.
Para o bo funcionamento do campamento non se permite recoller aos rapaces de 13:30 a 14:00 h agás causa de forza maior, que deberá ser comunicada con antelación.
De haber algún cambio no lugar de acceso ou no da recollida será notificado coa maior antelación posible.
- Por motivos de seguridade, durante os primeiros días será obrigatorio identificarse para recoller a un neno/a amosando o DNI.
- Os cambios nas persoas autorizadas para recoller os nenos/as deberán ser comunicados coa maior antelación posible.
- Haberá que deixar aviso cando un neno/a chegue ou marche en diferentes horarios dos establecidos. Durante a semana facemos saídas a zonas cercanas como a Cidade da Cultura, o parque do Lago... e no caso de precisar recoller o neno/a noutro horario é importante comunicalo no momento do acceso.

CONTACTO CAMPUS:

No caso de que queiras poñerte en contacto con nós por algún motivo podes chamarnos ao teléfono 981 568 160 (recepción Multiusos) ou escribarnos un correo electrónico a campussar@multiusos.net.